



Os relatores falarán da promoción do patrimonio cultural e natural galego como un impulsor do desenvolvemento local

O CEIDA organiza un seminario sobre o turismo sostible

COLABORAN A DIRECCIÓN XERAL DE TURISMO E O CETUR

Oleiros, 15 de febreiro de 2008.- O CEIDA - Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia – celebrará o vindeiro martes, 19 de febreiro, o **Seminario O turismo sostible como alternativa de desenvolvemento local**. As entidades colaboradoras son a Dirección Xeral de Turismo da Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia, Turgalicia e Xacobeo - dependes da primeira - e o Centro de Estudos e Investigacións Turísticas – CETUR – da Universidade de Santiago de Compostela. O seminario terá lugar no Castelo de Santa Cruz, no concello coruñés de Oleiros, sede do CEIDA.

Con esta xornada, o CEIDA pretende divulgar e promocionar o patrimonio cultural e natural de Galicia como un elemento impulsor do desenvolvemento local e da actividade turística. Tamén se disertará sobre a situación actual e os retos de futuro do turismo rural.

Estructura do seminario

Con este seminario, o CEIDA reunirá a distintos actores sociais que traballan no desenvolvemento do turismo sostible. Estarán representadas as Direccións Xerais de Turismo, Patrimonio Cultural e Conservación da Natureza, Turgalicia, Fegatur e Xacobeo, e a opinión pública.

Ao seminario, que durará todo o día, asistirán axentes turísticos, como técnicos de turismo e medio ambiente dos concellos, guías, xestores de equipamentos, profesionais da hotelaría, entre outro público, chegados de toda a comunidade galega.

Área de Información e Comunicación do CEIDA

O CEIDA, froito dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña e o Concello de Oleiros, é o centro de referencia para a educación ambiental en Galicia; promove a educación ambiental en todos os sectores sociais e o intercambio científico e cultural; traballa na procura de solucións aos problemas ambientais e fomenta as boas prácticas cidadás neste eido.